



### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

#### Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

#### Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

Xefatura Territorial de Ourense

Logo de ver o texto do Convenio colectivo da empresa CIE Galfor, S.A. da provincia de Ourense para os anos 2022-2024, con código de convenio núm. 32000822012000, que subscribiu o día 20 de xuño de 2022, a Comisión Negociadora conformada pola Dirección da empresa e o Comité de Empresa e, de conformidade co que dispón o artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores [BOE 255, do 24 de outubro de 2015], o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo [BOE 143, do 12 de xuño de 2010], o Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo [BOE 232, do 28 de setembro de 1982], o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 123/2022, do 23 de xuño de 2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, esta xefatura territorial, resolve:

Primeiro. Ordenar a súa inscrición e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade da Comunidade Autónoma de Galicia e notificación á representación empresarial e social da Comisión Negociadora.

Segundo. Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

Contido

#### Capítulo I. Disposicións xerais

Art. 1. Obxecto

Art. 2. Ámbito temporal

Art. 3. Prórroga e denuncia

#### Capítulo II. Xornada laboral

Art. 4. Xornada laboral

Art. 5. Complemento de vacacións por mantemento

Art. 6. Calendario e horario de traballo

Art. 7. Traballo en domingos e festivos

#### Capítulo III. Organización do traballo

Art. 8. Principios xerais

Art. 9. Documentación de traballo

Art. 10. Ingreso de persoal

Art. 11. Período de proba

Art. 12. Mobilidade do persoal

Art. 13. Cambio de quendas

Art. 14. Persoal en formación

#### Capítulo IV. Retribucións do persoal

Art. 15. Política salarial

Art. 16. Complemento por antigüidade

Art. 17. Complemento por nocturnidade

Art. 18. Complemento de coordinador/a

Art. 19. Complemento de soldador/a

Art. 20. Complemento por recurso preventivo de mantemento

Art. 21. Complemento de 4ª quenda

Art. 22. Complemento por horas extraordinarias

Art. 23. Gratificacións extraordinarias

Art. 24. Incremento nas táboas salariais

#### Capítulo V. Permisos e licenzas

Art. 25. Excedencias

Art. 26. Permisos retribuídos

Art. 27. Incapacidade laboral transitoria

Art. 28. Promoción profesional

Art. 29. Paradas de actividade

#### Capítulo VI. Asistencia social

Art. 30. Seguro de vida

Art. 31. Xubilación anticipada

Art. 32. Axuda para comedor

Art. 33. Fondo social

Art. 34. Axuda escolar

#### Capítulo VII. Seguridade e saúde laboral

Art. 35. Seguridade e saúde

#### Capítulo VIII. Representación sindical

Art. 36. Comité de Empresa e seccións sindicais

Art. 37. Comisión Mixta Paritaria

Art. 38. Competencias do Comité de Empresa

#### Capítulo IX. Cláusulas

Art. 39. Cláusula adicional primeira

Art. 40. Cláusula adicional segunda

Art. 41. Cláusula adicional terceira

Art. 42. Cláusula adicional cuarta

Art. 43. Cláusula adicional quinta

Art. 44. Cláusula adicional sexta

Art. 45. Cláusula adicional sétima

Art. 46. Cláusula adicional oitava

Anexos I a II. Táboas salariais

Anexos III. Compoñentes da Comisión Mixta Paritaria

#### Capítulo I

##### Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto. O presente convenio afecta á totalidade do cadro de persoal que presta os seus servizos profesionais para CIE Galfor no seu centro de traballo situado no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas (Ourense). CNAE 2550.

O presente convenio regulará as condicións ás que se haberán de axustar as relacións económicas e laborais. Afecta o persoal que actualmente presta servizo na referida empresa, así como a aquel que ingrese no futuro.

Artigo 2. Ámbito temporal. O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022 e terá unha vixencia de 3 anos, (do 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2024).

Entenderase prorrogado tacitamente en períodos dun ano, excepto se calquera das partes o denuncia cunha antelación de tres meses, como mínimo, á data de extinción do convenio.

Artigo 3. Prórroga e denuncia. Este convenio quedará automaticamente denunciado, con 3 meses de antelación ao seu vencemento e prorrogarase o actual convenio ata a entrada en vigor do seguinte. As condicións de denuncia serán as que determine o Estatuto dos traballadores.

O prazo máximo para o inicio da negociación dun novo convenio colectivo, unha vez denunciado o anterior, será o establecido no art. 89.2 do Estatuto dos traballadores.

O prazo máximo para a negociación do convenio determinarase en función da vixencia do convenio anterior. Excepto se houberse un pacto que dite o contrario, este prazo será de 8 meses, sempre que a vixencia do convenio anterior fose inferior a 2

anos e de 14 meses se fose superior, contado desde a data de vencemento deste.

## Capítulo II

### Xornada laboral

#### Artigo 4. Xornada laboral

Anos 2022, 2023 e 2024: 1.696 horas de traballo efectivo.

O calendario laboral contemplará 214 días de traballo, por tanto, cada traballador/a poderá desfrutar de 2 días de libre disposición. Estes 2 días poderán desfrutarse como unha xornada completa ou en fraccións de 4 horas.

O persoal que permanece na 4ª quenda a metade da súa xornada anual como mínimo, desfrutará dun día de convenio máis dentro do ano.

Para solicitar estes días, terá que realizar unha solicitude con 10 días de antelación. Alén diso, só será posible desfrutar de cada un destes días simultaneamente por un máximo dun 15% dos traballadores/as da sección á que estea asignado o/a solicitante.

Dentro do concepto de traballo efectivo, enténdese o tempo de 15 minutos de pausa de bocadillo.

Artigo 5. Vacacións. Todo o persoal afectado polo presente convenio desfrutará dun período de vacacións de 30 días naturais consecutivos que se determinarán ao establecer o calendario laboral, que non serán menos de 22 días laborables dentro do ano.

Estas vacacións desfrutaranse no mes de agosto, malia que poderán tamén ser en xullo, cun aviso previo mínimo de 60 días de antelación ao período vacacional.

O persoal que non poida desfrutar as vacacións no período establecido no calendario anual, poderá desfrutalas noutro período, de, polo menos, unha semana continua.

En casos excepcionais, a Dirección da empresa de acordo co comité poderá variar o período de vacacións. Estes cambios terán que ser en todo caso notificados previamente con 60 días de antelación ao comezo do período vacacional.

O persoal que traballe durante os días marcados como de vacacións no calendario percibirá unha compensación económica de 21,17 € por día traballado durante o ano 2022 dado que non se lle comunicou o cambio con 60 días de antelación ao comezo do período vacacional. Para os anos 2023 e 2024 aplicaranse neste concepto, os incrementos pactados no Convenio colectivo.

O persoal de oficina que traballe nos días marcados como de vacacións de verán, poderá realizar o seu horario na quenda central ou traballar en xornada intensiva de 07:00 h a 15:00 h. No caso de desempeñar a súa xornada na quenda central, a empresa aboará o 50% do importe do xantar e, de optar pola xornada intensiva, darase un bono de bocadillo diario.

A empresa só aboará a totalidade do importe do xantar ao persoal que realice 10 ou máis horas diarias, xunto co aboamento do bono de bocadillo.

- Complemento de vacacións por mantemento

Dada a necesidade de realizar operacións de mantemento, para aproveitar a parada de traballos de produción en vacacións, resulta necesario que unha gran parte do persoal de Mantemento desfrute das súas vacacións fóra do período fixado no calendario laboral, polo que percibirá unha compensación económica de 21,17 euros por día traballado.

Non poderán desfrutar simultaneamente as vacacións máis dun 20% das persoas adscritas a este departamento (o cómputo de 20% establecerase para cada especialidade).

Artigo 6. Calendario e horario de traballo. En canto se coñezan as datas dos festivos oficiais, a Dirección da empresa elaborará o calendario, coa intervención que sexa preceptiva do Comité de Empresa, de forma que se totalicen as horas anuais correspondentes de acordo co art. 4.

O horario de traballo establécese na forma que se expón a continuación, excepto polas variacións obrigadas para a distribución das horas laborais de cada ano, ou ben polas necesidades da organización do traballo, en cuxo caso se anunciará oportunamente ao persoal afectado.

Persoal por quendas

1º: de 6 h a 14 h

2º: de 14 h a 22 h

3º: de 22 h a 6 h

En casos excepcionais, poderán variar estas quendas en media hora, adaptándose ás necesidades produtivas en común acordo de todo o persoal afectado.

Persoal en horario de día: de 8 h 15 m a 16 h 30 m.

O persoal adscrito a esta quenda poderá realizar unha xornada flexible, de forma que o tramo de entrada vai de 07:30 h a 08:30 h e o tramo de saída das 15:45 h ás 16:45 h.

Os venres do período de verán, entre os meses de xuño a setembro, é posible traballar en horario de 07:00 h a 15:00 h, coa pausa para bocadillo.

Horarios especiais. En casos excepcionais, por necesidades de produción, por causa da falta de enerxía, avarías importantes, etc., poderanse establecer esporadicamente outros horarios sen variación da xornada legal pactada.

Artigo 7. Traballos en domingos e festivos. O traballo en domingo e días festivos comeza a contar desde as 24 horas do día anterior para todo o persoal excepto para o persoal a quendas, nese caso contarase a partir das 6 horas do domingo ou festivo ata as 6 horas do día seguinte.

## Capítulo III

### Organización do traballo

Artigo 8. Principios xerais. A organización do traballo é facultada da Dirección, quen a exercita directamente a través dos mandos, tendo en conta as disposicións legais vixentes.

Artigo 9. Documentación do traballo. Comprende toda a serie de documentos que son necesarios para reflectir as circunstancias de tempos asignados, tempos investidos, actividades, unidades de traballo efectuado, tempos de espera, paros concedidos, bonos de traballo etc. Dada a transcendencia da información que figura nestes documentos para a boa marcha da empresa, a omisión, falseamento ou negligencia na especificación destes datos, poderá ser considerada como falta grave e a reincidencia dará lugar a aplicar a máxima sanción.

Artigo 10. Ingreso de persoal. O ingreso de persoal efectuarase de acordo coas disposicións legais para este ámbito.

Artigo 11. Período de proba. Atenderase ao disposto na regulamentación laboral vixente.

Artigo 12. Mobilidade do persoal. Atenderase ao establecido nas disposicións legais vixentes, aínda que nos casos en que fose necesario mobilizar o persoal en razón da capacidade diminuída do traballador/a e cando esta tivese a súa orixe nalgunha enfermidade profesional ou accidente de traballo non imputable a el/ela, ou ao desgaste físico natural como consecuencia dunha dilatada vida de servizo na empresa, o/a traballador/a seguirá percibindo a retribución da súa categoría profesional.



Artigo 13. Cambios de quenda. A empresa ao acordar os cambios de quenda de acordo coa lexislación vixente terá en conta, ademais, o seguinte:

1) Cando haxa mutuo acordo entre empresa e o traballador/a, atenderase o que ambas as partes acorden.

2) Procurarase que a quenda de noite sexa o máis restrinxida posible, de modo que se tenda á saturación da primeira e da segunda quenda.

3) Excepto en casos excepcionais, os cambios de quenda notificaranse no taboleiro de anuncios, antes da fin da quenda de mañá do penúltimo día laborable da semana.

Artigo 14. Persoal en formación.

Establécese un salario inicial para os/as traballadores/as de nova incorporación de 18.000 € de bruto anual, durante os tres primeiros meses.

Capítulo IV

Retribucións do persoal

Artigo 15. Política salarial. CIE Galfor, S.A., establece que a remuneración do seu persoal ten unha relación directa coa categoría profesional e co posto desempeñado por cada traballador/a.

Pola índole do traballo desenvolvido nesta empresa, o concepto de penosidade, toxicidade e perigo está incluído na valoración de postos de traballo que serviu para establecer os importes do salario base.

A táboa salarial recóllese no anexo I.

Artigo 16. Complemento por antigüidade. Por cada quinquenio, o importe que se perciba consistirá nun seis por cento do xornal ou salario base, isto é do salario do convenio recollido no anexo I. Este importe para cada quinquenio comezase a percibir no mesmo mes de cumprilo.

Para o persoal con antigüidade posterior ao ano 2014, a antigüidade xerarase a partir do momento en que o traballador/a pase a fixo no cadro de persoal, ata un máximo de catro quinquenios.

Artigo 17. Complemento por nocturnidade. O complemento por nocturnidade aboarase segundo a táboa de nocturnidade que se recolle no anexo das táboas salariais, cando se traballe durante o período nocturno máis de 4 horas e proporcionalmente ás horas traballadas no caso de ser máis dunha hora no período nocturno de traballo, sen exceder as 4. Para este efecto, considérase como período nocturno aquel comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas da mañá.

Artigo 18. Complemento de coordinador/a. Establécese un complemento por responsabilidade destinado ao persoal que realice as funcións de coordinador/a. A contía do complemento é de 127,19 €, para o ano 2022, que se pagará nas 14 pagas anuais. Este complemento só será efectivo cando o/a operario/a exerza como coordinador/a; en caso de cesamento como coordinador/a deixará de percibir este complemento. Os/as operarios/as que reciban o complemento ou exercesen como coordinadores, polo menos, durante un período de dous anos, percibirán para o ano 2022 un complemento de 86,91 € en concepto de complemento de posto nivel 1. Como se recolle no convenio anterior, seguirán conservando o devandito complemento nas condicións marcadas no convenio anterior. Alén disto, se un destes/as traballadores/as volvese exercer como coordinador/a, deixaría de percibir ese complemento e pasaría a cobrar o complemento de coordinador/a vixente nese momento.

No caso de que se lle indicase ao traballador/a que volvese exercer como coordinador/a e este o rexeitase, deixaría de percibir o complemento de nivel 1.

Complemento de coordinador de mantemento: aboarase nas paradas longas só para os traballadores que teñan persoal a cargo e non a máis de dúas persoas por especialidade e prensa. Para percibir este complemento, os coordinadores de mantemento deberán exercer como recurso preventivo, supervisando os traballos asignados e cubrindo a documentación asociada.

Artigo 19. Complemento de soldador/a. Aboarase a cantidade de 103,34 € nas 14 pagas anuais, ao persoal asignado ás seccións de soldadura e caldeiraría.

Artigo 20. Complemento por recurso preventivo de mantemento. Aboarase a cantidade de 130,53 € nas 14 pagas anuais, ao persoal da sección de mantemento que estea capacitado para exercer as tarefas de recurso preventivo.

Para os anos 2023 e 2024, aplicaranse os incrementos pactados no Convenio colectivo.

Artigo 21. Complemento de 4ª quenda. Cando a Dirección da empresa necesite implantar a cuarta quenda por razóns de produción para atender as necesidades dos nosos clientes, deberá comunicarllo previamente ao Comité de Empresa e xustificar a necesidade da medida. Unha vez acordada a implantación, teranse en conta os seguintes requisitos:

1. Establecerase un calendario acordado entre a Dirección e o Comité de Empresa.

2. Establecerase un período de implantación mínimo de 15 días excepto nos casos de forza maior.

3. Establecerase unha notificación ás persoas afectadas con oito días de antelación.

4. A finalización de cada período de traballo das catro quendas efectuarase coa mesma antelación que para a súa notificación, é dicir, de 8 días.

5. A compensación económica será de 102,99 euros/día en festivos, sábados, domingos e pontes para o ano 2022. Para os anos 2023 e 2024 aplicaranse os incrementos pactados no Convenio colectivo.

6. Ao finalizar o ano, comunicaráselle a cada un dos equipos que estivesen vinculados ao calendario de 4º quenda nalgún período, se hai diferenzas de días fronte aos días laborables marcados no calendario laboral establecido.

Establecerase un período de 3 meses, correspondendo co primeiro trimestre do ano, para regularizar a devandita diferenza do seguinte modo:

- Se se traballaron días de máis, o traballador decidirá se os disfruta ou se lle son aboados. De disfrutarse, será no prazo establecido no primeiro trimestre do ano. De aboarse, realizarase na nómina de xaneiro, febreiro ou marzo, a elección do traballador.

- Se se traballaron días de menos, deberanse recuperar no prazo establecido e, de non ser deste xeito, descontarase da nómina ao vencemento deste. Establécese un tope máximo de 5 días que se recuperará, tal e como se recolle no art. 29 para as paradas de actividade.

Artigo 22. Complemento por horas extraordinarias. En materia de horas extraordinarias, atenderase ao disposto na normativa legal aplicable en cada momento. A remuneración económica figura no anexo II.

A empresa facilitará trimestralmente ao comité información sobre as horas extraordinarias realizadas.

Co fin de favorecer a creación de emprego, ambas as partes acordan a conveniencia de reducir ao mínimo as horas extraordinarias, conforme cos seguintes criterios.

1. Horas extraordinarias habituais: suprimilas.

2. Horas extraordinarias motivadas por razóns de forza maior, como as que sexan necesarias pola necesidade de reparar sinis-

tros e outros danos extraordinarios e urxentes, así como no caso de risco de perda de materias primas: realízalas.

Poderase optar entre o aboamento das horas extraordinarias ou dispoñer dun día libre máis como compensación dun día de recuperación. Esta opción non será válida para as paradas longas de produción, a Semana Santa, traballos no verán e no Nadal. Do mesmo xeito que ocorre cos días libres de convenio, terán que solicitarse con 10 días de antelación. Alén diso, só será posible desfrutar de cada un destes días simultaneamente por un máximo dun 15% dos traballadores/as da sección á que estea asignado o/a solicitante.

Artigo 23. Gratificacións extraordinarias. Aboaránselles a todos os produtores dúas gratificacións, estas veñen recollidas no anexo I. As datas de aboamento serán as regulamentarias nos dous casos citados.

Artigo 24. Incremento nas táboas salariais. Acórdanse os seguintes incrementos dentro da vixencia do convenio:

- Ano 2022: incremento do IPC subxacente do ano 2021 (2,1%) , consolidado nas táboas salariais e un aboamento de 1.562 euros, que se realizará no mes da sinatura do convenio.

- Ano 2023: incremento do IPC subxacente do ano 2022, consolidado nas táboas salariais, e a diferenza entre o IPC real e o IPC subxacente, nun pago único que se realizará no primeiro trimestre do ano.

- Ano 2024: incremento do IPC subxacente do ano 2023, consolidado nas táboas salariais, e a diferenza entre o IPC real e o IPC subxacente, nun pago único que se realizará no primeiro trimestre do ano.

Para os 2023 e 2024, se o IPC subxacente fose inferior a un 2,1% garántese como incremento mínimo do 2,1% consolidado nas táboas salariais.

#### Capítulo V

##### Permisos e licenzas

Artigo 25. Excedencias. Teñen dereito a que se recoñeza a posibilidade de optar por unha excedencia voluntaria co alcance, limitacións, incompatibilidades e demais circunstancias que se establecen no Estatuto dos traballadores e demais disposicións legais vixentes, aqueles/as traballadores/as que leven un mínimo dun ano consecutivo ao servizo da empresa. Non poderán instar unha nova solicitude, pola súa vez, ata que transcorresen outros dous anos, contados desde o termo da anterior.

A duración da excedencia, poderá ser de entre 3 meses e 5 anos.

A solicitude da excedencia formularase por escrito e deberá ser resolta aos 15 días da súa presentación.

A concesión de excedencia será obrigatoria ou forzosa, cando teña como orixe o desempeño, polo/a produtor/a, dun cargo de carácter público, que imposibilite a asistencia ao traballo. Neste caso, a dita excedencia dará dereito ao produtor/a á conservación do posto e da antigüidade, e o reingreso deberá ser solicitado dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo público.

Alén diso, poderán solicitar pasar á situación de excedencia na empresa, os/as traballadores/as que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior, mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

O/a traballador/a excedente, conserva só un dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual ou similar categoría á súa, sempre que as houbese ou se producisen na empresa. Sen prexuízo dos dereitos legais de cada traballador, o Comité de Empresa, valorando en cada momento a situación global de excedencias, decidirá, conxuntamente coa Dirección, sobre o reingreso dos/as posibles solicitantes.

A Dirección de Persoal informará ao Comité de Empresa de todas as solicitudes de excedencia que se formulen por parte dos/as traballadores/as.

Non poderán acollerse aos beneficios estipulados no presente artigo, o persoal que teña contrato de duración determinada.

Artigo 26. Permisos retribuídos. A empresa concederá un permiso retribuído, con aboamento do salario do convenio, máis antigüidade, nos seguintes casos e sempre que estes sexan xustificadas. Os permisos en días laborables computaranse de acordo co calendario anual de CIE Galfor, excepto se o feito que orixina o dereito ao permiso acontece nun momento distinto ao tempo de traballo (suspensión do contrato, vacacións, desfrutar doutro permiso distinto), e non tivese sentido a ausencia do traballo.

• Matrimonio: 18 días naturais. O permiso comezara a contar desde o primeiro día laborable.

• Nacemento ou adopción de fillos/as: dous días laborables que se deben desfrutar consecutivamente a algún tramo de paternidade, lactación ou vacacións.

• Para as traballadoras que deban asistir a exames prenatais e persoas que asistan a técnicas de preparación ao parto, durante o tempo que sexa indispensable.

• Accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica, sen hospitalización, que precise repouso domiciliario, de cónxuxe, fillos/s, pais, irmáns/as ou sobriños/as: tres días laborables.

• Morte do cónxuxe ou fillos/as: sete días laborables.

• Morte de pais e irmáns ou irmás: catro días laborables.

• Morte de netos/as, avós/as, pais políticos e nais políticas ou sobriños/as: tres días laborables.

• Polo falecemento dos irmáns ou irmás do pai ou da nai do traballador/a, ou do cónxuxe, 1 día laborable, (tíos ou tías do cónxuxe do traballador/a).

• Polo falecemento de irmáns/as políticos/as ou fillos/as políticos/as, 2 días laborables, incluídos os avós/as políticos/as, (avós/as do cónxuxe).

• Matrimonio de irmáns/as, pais ou nais, fillos/as, ou irmáns/as políticos/as: un día laborable. Se neses momentos o/a traballador/a traballase a 4 ou 5 quendas, e na data da voda lle correspondese traballar, o permiso pasa a ser de dous días laborables.

• Traslado do seu domicilio habitual: un día laborable.

• Para asistir con fillos/as menores de idade, ou o cónxuxe, a consultas médicas: 16 horas anuais retribuídas. Estas horas aplicaranse tamén no caso de consulta médica da nai ou o pai do traballador, cando se encontren en situación de dependencia. No caso de que o traballador/a estea adscrito á quenda da noite, garántese un descanso mínimo de 4 horas (o traballador/a pode saír da súa quenda 4 horas antes da hora da súa cita médica). Se a consulta é fóra da provincia, poderá ausentarse 5 horas antes.

• Para as consultas médicas de especialistas na Seguridade Social, sempre que coincida dentro da xornada de traballo, o traballador/a deberá presentar o volante presentativo. Igual que no punto anterior, no caso de que o traballador/a estea adscrito á quenda da noite, garántese un mínimo de 4 horas para acudir á cita e, se a consulta é fóra da provincia, de 5 horas.

• Por enfermidade grave ou intervención cirúrxica grave, de netos/as, avós/as ou pais/nais políticos/as, 2 días laborables. Incluídos os/as avós/as políticos/as e irmáns/as políticos/as, (avós/as do cónxuxe e irmáns do cónxuxe).

• Por ser requirido por citación xudicial, debendo acudir a un xuízo, se o/a traballador/a está na quenda da noite, o/a traballador/a terá unha licenza de 4 horas retribuídas.



- O persoal que traballe a 4 ou 5 quendas e, se a data coincide cun día de traballo, disporá de 1 día para asistir a:

- Voda de netos/as.

- Bautizo ou Primeira Comuñón de fillos, irmáns e netos

No caso de que o feito causante ocorrese fóra da provincia, correspondería un día natural máis.

Nos supostos de falecemento, enfermidade grave ou intervención cirúrxica grave, se os feitos causantes ocorresen fóra da Comunidade Autónoma, incrementárianse os permisos en 2 días naturais máis.

Os permisos retribuídos serán recoñecidos ás parellas de feito, entendendo por tales aquelas que, podendo optar por unha unión matrimonial, non o fan e que acrediten suficientemente a convivencia mediante o certificado expedido polo Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Estipúlase un máximo de 2 permisos nun período de 5 anos, para os permisos por matrimonio e parella de feito.

- Por asuntos propios: tres días laborables, non consecutivos, ao ano, sen retribuír e sempre que sexan debidamente xustificadas e solicitadas cun aviso previo de, polo menos, 3 días.

Recoñécese a acumulación do permiso de lactación, que se terá que desfrutar nun único período de 15 días laborables continuos.

Nos casos de falecemento de cónxuxe, pais/nais, fillos/as ou irmáns/as; ou no caso de celebracións matrimoniais dentro do período vacacional, ou descanso de Semana Santa e Nadal, os días contabilizaranse a partir do primeiro día laboral sinalado no calendario.

**Artigo 27. Incapacidade laboral transitoria.** O/a traballador/a que cause baixa por accidente percibirá o 100 por 100 do salario do convenio. En caso de baixa por enfermidade, a percepción correspondente será o 80% deste durante os dous primeiros meses e a partir desta data percibirá o cen por cen, tras a conformidade previa de Dirección e o Comité de Empresa.

Cando o absentismo total, deducido ou xerado por traballadores/as con I.T. de longa enfermidade (superior a cen días) e o correspondente a permisos retribuídos reflectidos no art. 26, ou permisos concedidos previamente, sexa igual ou inferior ao 5% computado por meses naturais, os/as traballadores/as de baixa por enfermidade, percibirán, a partir do cuarto día de baixa, o 100% do salario do convenio. Para estes efectos, a aplicación realizarase en función do absentismo correspondente a cada mes no que se encontre de baixa.

Alén diso, todos/as os/as traballadores/as cun absentismo inferior ao 6% nos últimos 12 meses anteriores á baixa percibirán o 100%, sempre que durante ese período non tivesen ningunha ausencia inxustificada.

Por outro lado, en casos particulares e tendo en conta o informe médico correspondente, poderá acordarse o aboamento ao traballador/a do 20% non percibido durante os dous primeiros meses.

**Artigo 28. Promoción profesional.** A empresa establecerá cursos de formación co fin de adecuar os coñecementos dos seus traballadores/as perante a crecente evolución tecnolóxica. Ademais terase en conta como mérito o feito de superar estes cursos de cara aos ascensos e á provisión de vacantes que se produzan no cadro de persoal da empresa.

A empresa outorgaralles aos/ás traballadores/as que realicen estudos para a obtención dun título profesional, permisos para a realización de exames que terán carácter de retribuídos, tras a xustificación previa de asistencia a estes.

Perderán este dereito aqueles que sexan suspendidos na metade das materias nas que se matriculasen, e consideraranse como suspensas, para estes efectos, aquelas materias ás que

non se presentasen a exame. O feito de non aprobar unha mesma materia en dúas convocatorias, producirá igualmente a privación destes beneficios.

O persoal que durante vinte ou máis anos ostentase a categoría de especialista pasará á categoría de oficial de terceira.

Permisos individuais de formación (PIF).

A empresa reconece para todos os traballadores de CIE Galfor os permisos individuais de formación (PIF) para a realización de cursos presenciais con acreditación oficial, incluídos os títulos e certificados de profesionalidade, así como os procesos de recoñecemento, avaliación e acreditación. Se para a súa realización fose necesario facer un gran desprazamento, incluíranse no permiso as horas necesarias (inclúe a quenda previa e a nocturnidade). O tempo mínimo para solicitalo será de 10 días. Cada caso será avaliado entre a empresa e comité desta.

**Artigo 29. Paradas de actividade.** As paradas de actividade que non estean previstas, superiores no seu conxunto a 8 horas e que afecten a seccións, recuperaranse procedendo do seguinte modo e aboaranse as cantidades especificadas neste artigo:

Nos casos en que o persoal non se incorporase aínda ao traballo e a empresa estime que a parada poida afectarlle, comunícarase esta circunstancia:

- Ao Comité de Empresa, para o seu coñecemento e desenvolvemento do parágrafo seguinte.

- A continuación notificaráselle ao persoal non presente no centro de traballo afectado pola parada con, polo menos, 4 horas de antelación, indicándolle a duración prevista desta para os efectos da súa “non incorporación” ao traballo ata que sexa posible continuar a actividade normal.

A empresa estará facultada, tras o acordo previo cos representantes legais dos traballadores/as, para decidir a recuperación da parada ata un máximo de 40 horas anuais en 5 xornadas de 8 horas.

A recuperación só poderá realizarse os sábados; poderá ser en domingos, festivos, vacacións ou pontes, tras o acordo previo co Comité de Empresa. Para o ano 2022, a retribución por cada xornada recuperada de 8 horas será de 102,99 euros. Para os anos 2023 e 2024, aplicaranse os incrementos pactados no Convenio colectivo.

Se o aviso se realiza nun prazo inferior a 8 horas, a recuperación dese día aboarase coa contía de 141,97 euros. Para os anos 2023 e 2024, aplicaranse os incrementos pactados no Convenio colectivo.

Cando a Dirección da empresa necesite recuperar máis horas que as que por este acordo lle son atribuídas, será obrigatoria a conformidade dos representantes dos traballadores, quen decidirán se se aproba ou non a proposta da empresa por enteiro ou parcialmente.

## Capítulo VI

### Asistencia social

**Artigo 30. Seguro de vida.** A empresa concerta un seguro de vida en beneficio do seu persoal, a cuxo cargo correrá o pago da totalidade da prima.

A póliza cubrirá un capital de 66.000 euros, nos casos de accidente ou enfermidade común tanto para os casos de falecemento como de invalidez absoluta e permanente.

Para os casos de incapacidade total e permanente a empresa aboará ao beneficiario a cantidade de 66.000 euros pactada.

O Comité de Empresa será o depositario dunha copia da póliza para o coñecemento xeral dos dereitos, limitacións e exclusións contempladas nestas.

O persoal menor de 55 anos ao que lle sexa concedida unha invalidez total, percibirá unha indemnización pola diferenza

entre o seu salario e o importe da pensión, ata un máximo de 22.000 euros.

Artigo 31. Xubilación anticipada. Os/as traballadores/as que polas súas circunstancias persoais poidan voluntariamente acceder á xubilación parcial nos termos recollidos na lexislación vixente, seralles esta de aplicación, se así o manifestasen por escrito.

Esta prexubilación levarase a cabo coa condición de que se realice un contrato de substitución a outro traballador como substituto (modalidade de xubilación parcial de contrato de substitución).

Co fin de incentivar a contratación, establécese a obrigatoriedade de acceder á xubilación para todos os/as traballadores/as que alcancen a idade de 65 anos.

Artigo 32. Axuda para comedor. O persoal con horario de 8:15 h a 16:30 h que xante no comedor da empresa percibirá, por cada día de traballo e xantar, unha axuda do 50% do importe deste.

O persoal que traballe a quendas de mañá, tarde e noite, terá por cada día de traballo (luns a venres), unha subvención de 1,80 euros para o bocadillo.

Artigo 33. Fondo Social. Existe un fondo social para casos de especial necesidade, cuxa aplicación e desenvolvemento está acordado entre a Dirección e o Comité de Empresa. Este fondo aplicarase tanto á creación de prestacións que contribúan a remediar necesidades, como ao establecemento de medios que tendan ao maior benestar dos/as traballadores/as.

#### Prestacións:

As prestacións obxecto do Fondo Social poden resumirse, en principio, nos seguintes apartados:

- a) Axudas a deficientes físicos ou psíquicos
- b) Enfermidade
- c) Falecementos
- d) Outros

Poderán aplicarse as seguintes prestacións:

a) No caso de que un/unha empregado/a de CIE Galfor, S.A., o seu cónxuxe ou fillos e outros familiares que residan co empregado e estean incluídos na súa cartilla da Seguridade Social como beneficiarios, teñan necesidade de recibir algunha educación especial ou de adquirir algún medio para atender a estas persoas, tal como unha cadeira de rodas ou membros ortopédicos. Poderán aplicarse para calquera efecto que non estea cuberto pola Seguridade Social. Por tanto, logo de realizar as dilixencias oportunas para o seu pagamento por parte da Seguridade Social, subvencionarase nunha porcentaxe estimada para cada caso pola Comisión de Xestión e Control do Fondo Social.

b) Cando un/unha empregado/a de CIE Galfor, S.A., ou de calquera das persoas enumeradas anteriormente, que cumpran cos requisitos esixidos de convivencia e inclusión como beneficiarios da Seguridade Social na cartilla do/a empregado/a, estean afectadas por algunha enfermidade ou doenza grave, poderán recibir axuda económica do Fondo Social en casos moi especiais e, sempre que se estime conveniente, tendo en conta as circunstancias especiais que concorran para cada caso e o informe do Servizo Médico.

Así mesmo, poderase conceder un anticipo con cargo ao Fondo Social, que terá que devolver no caso de que o importe da operación e gastos lle fosen aboados pola Seguridade Social, a calquera das persoas anteriormente mencionadas e que, por motivos de saúde, teña necesidade urxente de realizar algunha intervención fóra da provincia de Ourense, ben sexa a través da Seguridade Social ou nunha clínica privada.

Se lle fosen denegados, a Comisión de Xestión e Control á vista da documentación presentada (solicitud de reclamación de operación e gastos á Seguridade Social e denegación desta solicitude), acordará a subvención para conceder e o/a interesado/a deberá devolver ao Fondo Social a parte do anticipo que non lle fose subvencionada polo Fondo Social o que poderá reintegrar en períodos mensuais e cuxo importe se establecerá de común acordo coa Comisión de Xestión e Control do Fondo Social.

É requisito imprescindible, para ter dereito a estas axudas, contar coa autorización previa do Fondo Social.

c) En caso de falecemento de calquera das persoas enumeradas nos dous apartados anteriores, poderá utilizarse este fondo para cubrir gastos de necrolóxicas, coroas, etc.

d) Neste capítulo preténdese incluír unha serie de prestacións, que serán valoradas en cada caso pola Comisión de Xestión e Control, atendendo ao seu interese, necesidade e xustiza, evitando formulacións que contradigan o espírito e a función para os que foi creado o devandito fondo.

Tamén se establece un premio consistente nun “obxecto de agasallo” para todos os/as traballadores/as que se xubilen na empresa, como agradecemento polos servizos prestados.

Atender calquera gasto ou investimento que beneficie directamente á totalidade dos/as empregados/as da empresa.

Premio a empregados/as, (que se encontren en activo), ou fillos/as de empregados/as, que estean a realizar estudos oficiais, sempre que demostren un aproveitamento destes (cunha nota media notable).

#### Financiamento

O réxime de financiamento do Fondo Social estará a cargo da empresa. Acórdase unha achega para o ano 2022 de 11.815 euros. Estas cantidades de diñeiro iranse ingresando periodicamente na conta que posúe o Fondo Social nunha entidade bancaria. Igualmente, pasarán a incrementar este fondo os importes dos capitais garantidos no seguro de vida, nos casos de invalidez permanente total, por mor de accidente ou enfermidade, cando o/a traballador/a optase por continuar na empresa (acta da reunión do Comité de Empresa do día 17/06/82).

Para os anos 2023 e 2024 á achega a cargo da empresa, aplicaráselle os incrementos pactados do IPC subxacente, coa garantía mínima do 2,1%.

#### Administración

O Fondo Social será administrado pola Comisión de Xestión e Control.

Esta comisión estará composta por:

- 3 membros da Dirección da empresa
- 3 membros do Comité de Empresa

A Comisión de Xestión e Control terá como funcións específicas:

- 1) Administrar os fondos sociais
- 2) Estudar e resolver casos concretos de solicitudes e axudas.

Reunións da Comisión de Xestión e Control do Fondo Social. A Comisión de Xestión e Control do Fondo Social de CIE Galfor, S.A., reunirse sempre que o solicite algún dos seus membros, para coñecer, estudar e resolver cantas axudas e solicitudes lle fosen solicitadas e, excepcionalmente, cando exista algún feito ou razón que o xustifique.

Os acordos desta comisión decidiranse sempre pola maioría do número de concorrentes de cada reunión. En caso de empate serán a Dirección da empresa e o Comité de Empresa quen resolvan o que estimen máis conveniente e a súa resolución terá carácter vinculante.

Estes acordos serán comunicados ao Comité de Empresa en sesión plenaria para pleno coñecemento de todos os seus membros, polo menos unha vez cada tres meses.



#### Solicitud de axudas

O persoal de CIE Galfor, S.A., poderá solicitar axudas para os casos anteriormente referidos ou para outros de similar natureza.

Cando o estime conveniente, a Comisión de Xestión poderá solicitar de cada solicitante cantos documentos e informes considere oportunos para un mellor coñecemento do caso proposto.

As prestacións ou axudas económicas concedidas deberán poder xustificar a súa íntegra aplicación para o caso solicitado.

Todas as axudas terán o carácter de gratificables e serán concedidas de acordo co saldo dispoñible que haxa en cada momento.

#### Comisión de Seguimento de Formación e Promocións

Formarase unha comisión paritaria (3-3) entre a empresa e a representación legal dos traballadores, que realizará o seguimento do plan de formación, capacitación e promocións.

#### Comisión de Xestión do Comedor

Esta comisión, que está constituída e que realiza reunións periódicas, pasará a ser unha comisión paritaria (3-3) entre a empresa e a representación legal dos traballadores para a toma de decisións que afecten á xestión do comedor e das máquinas expendedoras.

#### Artigo 34. Axuda escolar.

Durante o ano 2022, a empresa concederá 100.186,68 euros de forma anual, para distribuír en bolsas por unidade familiar para os traballadores con fillos/as en idade escolar, segundo acordo o Comité de Empresa. Así mesmo, para os anos 2023 e 2024, aplicaráselle a esta cantidade os incrementos pactados para os devanditos anos do IPC subxacente, coa garantía mínima do 2,1%.

#### Capítulo VII

##### Seguridade e Saúde Laboral

